

O que se le en T. Moure: ficción e imaxe autorial

Helena González Fernández

En 1996 Christa Wolf remata a súa operística *Medea. Stimmen* (*Medea. Voces*, na tradución literal) interrogándose polo tempo de espera das mulleres. Aquela Medea que tanto comparte coa Hélène Jans de *Herba moura*, amante nai e sabia científica de conduta non sometida, defensora da paixón e do coñecemento e, daquela, do pensamento libre, lanzaba o desafío: “Pódese imaxinar un mundo, unha época na que atope o meu lugar?”. Se Christa Wolf deixaba o interrogante no vento, a narrativa de Teresa Moure ofrece respuestas nunha concxuntura acaída, nun momento no que as cuestións das mulleres están enriba da mesa e as industrias culturais alimentan a moda violeta –e non me refiro só ás autóctonas, que a lectura non é autista e vai alén das pautas que fornece a literatura indíxena.

Os comezos na escrita de Teresa Moure prenden nunha áncora fundamental da creación feminista de sempre: a conciencia da historia e os seus moitos silencios como un tempo de espera das mulleres que se tenta resolver coa vindicación e a diferenza. Guichar na voz propia, subverter o legado herdado, intervir no relato do mundo e propoñer novos modelos, ese podería ser o resumo do seu traxecto literario desde *A xeira das árbores* até *Os Lucarios*, pero tamén do propio decorrer dos discursos feministas. Creación feminista en galego atopámola antes e despois en narradoras como María Xosé Queizán, Marilar Aleixandre, Belén Feliu ou María Reimóndez, poño por caso. Pero algo singulariza a Teresa Moure, esa escritora incómoda que non deixa indiferente e pasa de boca a orella nas lecturas populares. Algo hai neses textos en desafío permanente que abren debate: da autoafirmación feminina á xenealoxía, das identidades sexuais á maternidade. Un desafío que medra cunha proxección autorial forte que se remexe rabuda para non claudicar nunca en riquiña. Iso é o «fenómeno Teresa Moure» que tanto amola á autora, claro! –vid. a entrevista no *Protexta 03*– pero que se incorpora á lectura e se consome como un ingrediente máis das novelas. Agora ben a escritora incomoda non só porque se revire contra as ortodoxias do discurso patriarcal e dos asumidos feminismos da igualdade senón porque entra en conflito con outros feminismos menos uniformados. Uns feminismos que xa hai tempo que non se dividen só en dous ramais, porque a etiqueta *feminismos* abrangue visións opostas desde Milán a San Francisco, de Oviedo a Nueva Delhi (Luisa Muraro, Judith Butler, Amelia Valcárcel, Vandana Shiva...).

Non podo evitar a ollada aos asuntos exteriores. Portas para fóra a narrativa galega de hoxe ten as caras de Manuel Rivas, Suso de Toro e Teresa Moure (e en circuítos avezados, Xurxo Borrazás). Tres proxectos narrativos e tres figuras autoriais ben diferentes que teñen que superar non poucas tensións na proxección exterior. O sambenito de *Herba moura* é o reducionismo sentimental (reparen no paratexto da edición portuguesa a ver se recoñecen a novela que leran en galego!). Claro que desas lecturas redutoras a escritora non ten culpa. Na lectura popular, e non só, a narrativa en desafío permanente de Teresa Moure singularízase porque se reforza cunha imaxe autorial rebelde, explicitamente política e disposta a puntualizar calquera tópico e a dar respuestas a este tempo de mulleres. Lemos libros con autoría. Consumimos escritura e escritor@s.